



*ENTIDADES CULTURAIS  
E DEPORTIVAS*

...



*Debuxo de Laxeiro (inédito). Do álbum adicado ó be-  
tanceiro Manuel Roel. Xentileza da sua familia.*

## Asociacións Culturais

### CORAL POLIFONICA DE BETANZOS

Ano tras ano esta entidade dá mostras dunha gran vitalidade e proba delo son as súas actuacións e mais as actividades culturais que organiza.

Estas foron as súas actuacións:

#### XANEIRO

Día 7: Na Residencia García Irmáns de Betanzos.

Día 7: No fogar Residencia de Pensionistas da Seguridade Social en Santiago.

Día 22: Na eirexa parroquial de San Vicente de Vigo.

#### FEBREIRO

Día 18: No Pazo de Mariñán en Bergondo.

#### MARZO

Día 13: Na Aula de Cultura da Caixa de Aforros de Galicia na Coruña.

#### MAIO

Día 13: No albergue da Marina Española de Sada.

Día 18: No Cine Pantín de Miño con motivo do Día das Letras Galegas.

Día 19: Na eirexa parroquial de Larache.

Día 25: No colexio de Bañobre.

Día 27: No Santuario de Sameiro en Braga, Portugal.

#### XUNIO

Día 24: Na eirexa parroquial de San Xoán de Vilanova.

Día 28: Na eirexa de Santiago de Betanzos.

#### OUTUBRO

Día 13: Na Colexiata de Santa María da Coruña.

Día 20: Na Aula de Cultura Municipal de As Pontes.

#### NOVEMBRO

Día 3: Na eirexa nova de Santa Cruz de Oleiros.

Día 4: Na eirexa de Santa María de Souto - Paderne.

Día 18: No Fogar Residencia de Pensionistas da Seguridade Social en Santiago.

Día 22: Na eirexa de Santo Domingo de Betanzos

#### DECEMBRO

Día 1: Na Sociedade Cultural Padronesa en Padrón.

Día 9: Na Sociedade Cultural "Nos Lar" de Culleredo.

Día 15: No Salón Noble do Concello de Ferrol.

Día 22: Na eirexa parroquial de Santa María de Cambre.



*A Coral Polifónica de Betanzos na Colexiata da Coruña o 13 de outubro de 1984.*

Día 23: Na eirexa parroquial de San Salvador de Bergondo.

Día 24: Na eirexa de Santiago de Betanzos.

Día 27: Na eirexa de Santo Domingo de Betanzos.

Día 30: Na Residencia García Irmáns de Betanzos.

As actividades culturais organizadas pola Coral Polifónica de Betanzos no ano 1984, aparte das súas actuacións, foron as seguintes:

—XV ANIVERSARIO DA FUNDACION DA CORAL. Con este motivo do 2 ó 11 de marzo organi-

zouse unha exposición de dibuxos de Manuel Muñoz Vidal na Sala de Arte do Banco de Bilbao. O 10 de marzo na eirexa de Santo Domingo concerto pola Agrupación Artístico Cultural "Armonía" de Ferrol.

—PREGON DA SEMANA SANTA. O día 31 de abril na eirexa de Santo Domingo foi pronunciado por don Emilio Merino Losada. No mesmo acto houbo un concerto de música sacra a cãrrego da Coral Polifónica Follas Novas.

—CONCERTO DE VRAN. O día 13 de agosto no cine Capitol houbo un concerto, actuando na primeira parte o "Cuarteto de Cuerdas Ciudad de La Coruña" e na segunda a Coral Polifónica de Sada.

—HOMENAXE A DON MANUEL LÓPEZ CASTRO. Do 26 de outubro ó 4 de novembro na Sala de Arte do Banco de Bilbao exposición de pintores de Betanzos en homenaxe a don Manuel López Castro, director da Coral. O día 27 de outubro, na eirexa de Santiago, concerto a cãrrego do tenor Miguel de Alonso e o pianista Manuel Gracia Fuentes.

—XVI FESTIVAL SANTA CECILIA. O día 10 de novembro, na eirexa de Santo Domingo, concerto a

cãrrego da Coral Polifónica Endesa de As Pontes. O 17 do mesmo mes, na eirexa de Santo Domingo, concerto a cãrrego da Agrupación Cultural Armonía de Ferrol. O 19, no Cine Capitol, actuación da Agrupación Teatral Coruñesa con "Antología de la Zarzuela". O 21 na eirexa de Santo Domingo concerto a cãrrego do "Grupo de Viento de la Orquesta de Santiago". O 23, na mesma eirexa, concerto do "Grupo de Metales Santa Cecilia" de Ferrol. O 24, no Salón Liceo, actuación do Grupo de Danzas Sant-Yago de Tuy. O 28, na eirexa de Santo Domingo, concerto da Agrupación Musical Albéniz da Coruña estrenando a obra "Betanzos de los Caballeros". O 29, no cine Alfonso, proxección da película Carmen. Con motivo do Festival Santa Cecilia convocouse o "XI Concurso Literario Juvenil" sendo os ganadores: no grupo de 15 a 18 anos Carlos Alvarez Teijeiro que levou os dos primeiros premios, e no de 11 a 14 Antonio da Silva Díaz de Noya (primeiro), María Luisa Carpena Rodríguez de Miño (segundo) e Patricia Méndez Muño de Miño (accésit).

#### ASOCIACION DE "AMAS DE CASA Y DEL CONSUMO FAMILIAR

Esta asociación, desenrolou as seguintes actividades no ano 1984:

##### XANEIRO

Día 21: Iniciación do curso de corte e confección que durará todo o ano

Día 24: Viaxe cultural á Coruña para asistir a unha conferencia de D. Laureano Alvarez sobre dona Emilia Pardo Bazán.

##### FEBREIRO

Día 3: Iniciación ó curso de esmalte.

Día 6: Información da Xunta de Galicia sobre dereitos do consumidor e usuario.

Día 22: Demostración de cociña.

Tódolos xoves do mes curso de confección de guantes. Os venres curso de esmalte. Luns e mércores, corte e confección.

##### MARZO

Día 16: Visita ó Matadeiro Frigorífico de Montellos.

Día 23: Conferencia sobre Introducción á Historia do Arte de Galicia, por don Felipe Senén, Director do Museo Arqueolóxico do Castelo de S. Antón.

Día 28: Viaxe a Negreira con motivo da celebración do Día Provincial da Ama de Casa.

##### ABRIL

Día 11: Conferencia sobre "Incidencia de la cultura céltico-romana en la comarca de las Mariñas", por don Antonio Río López, mestre de E.X.B.

Día 14: Almorzo de despedida a dona Mari Marcos.

Día 27: Asamblea Xeral Ordinaria.

##### MAIO

Día 5: Homenaxe á familia. Festival no Hotel Finisterre.

Día 11: Viaxe a Portugal, visitando Valença.

Día 13: Charla sobre conxelación de alimentos a



*Comida de despedida de dona Mari Marcos Alonso, gran colaboradora da Asociación de "Amas de Casa y del Consumo Familiar"; por marcharse da cidade despois de moitos anos. A presidenta, dona Elvira Otero, faillle entrega dunha placa-recordo.*

cãrrego dunha especialista de Extensión Agraria.

Día 23: Charla coloquio "Cultivo de la flor cortada en la comarca de las Mariñas" polo xefe de Extensión Agraria don Juan M.<sup>a</sup> Revuelta.

Tódolos martes curso de decoración en madeira que durará todo o resto do ano.

## XUNIO

Día 9: Viaxe a Boiro con motivo do Día Provincial da Ama de Casa.

Día 15: Baixo a dirección do director do Museo Arqueolóxico da Coruña, don Felipe Senén, viaxe cultural á Riveira Sagrada do Sil.

## XULIO

O mesmo que agosto e setembro, estes meses están sin actividade de cara as asociadas por consideralo período vacacional, aínda que sigue a actividade interna con asistencia a reunións no Concello, como integrantes da comisión pro feiras, en consellos provinciais, etc.

## OUTUBRO

Día 4: Vaise á Coruña a visitar a exposición da pintora galega M.<sup>a</sup> Antonia Dans, dentro do ciclo "La mujer en el Arte".

Día 7: Empeza un curso de policromado.

Día 19: Viaxe a Portugal.

Día 25: Conferencia do Dr. Hernández Cochón: "Accidentes en el hogar y su prevención".

Os martes e xoves reanudáronse os curso de corte

e confección e para as asociadas interesadas en seguilo, houbo nova matrícula.

## NOVEMBRO

Día 13: Conferencia por don Carlos Vales, cedeirádego do Instituto de Pontevedra: "A natureza en Galicia".

Día 22: "Ejercicio físico y salud" polo Dr. Cuadrado, xefe do Servizo de Rehabilitación da Residencia Juan Canalejo.

Día 27: Viaxe cultural á Coruña para visitar a exposición de Reloxos do Concello.

## DECEMBRO

Día 7: Charla coloquio con diapositivas "Salud y cuidado de los pies" polo vicepresidente de Podoloxía Galega, don Armando Díaz Pena.

Días 10, 11 e 12: Demostracións de cociña por dona Mercedes Permy López.

Día 17: Arranxos da casa por dona M.<sup>a</sup> Angustias de la Maza Garrido.

Día 18: Música do Nadal por dona M.<sup>a</sup> Baixeiras e celebración do 4.<sup>o</sup> aniversario.

## AGRUPACION MUSICAL DE PULSO E PUA "CARLOS SEIJO"

No ano 1984 esta agrupación musical mantivo unha gran actividade. Estas foron as súas actuacións:

### XANEIRO

Día 28: na "Sociedad Cultural Recreativa y Deportiva de Sada" concerto patrocinado pola Caixa de Aforros de Galicia.

### MAIO

Día 17: na Casa da Xuventude do Centro Cultural "Alfredo Brañas" de Carballo, con motivo do Día das Letras Galegas.

### XULIO

Día 14: en Oza dos Ríos, baixo o patrocinio deste Concello.

Neste mes a Agrupación suscribiu un convenio de divulgación cultural coa Diputación Provincial da Coruña polo que se comprometeu a levar a cabo un mínimo de dez concertos nos lugares que a Diputación sinalase.

### AGOSTO

Día 4: na eirexa de San Félix de Monfero con motivo das festas patronais dentro do convenio coa Diputación.

Día 4: no salón de actos da Cámara Agraria de Irixoa (convenio-Diputación).


Día 5: na eirexa de Fervenzas, Aranga, con motivo das festas patronais (convenio-Diputación).

Día 6: no Club de Xubilados da Caixa de Aforros de Pontevedra co patrocinio da Caixa de Aforros da Coruña.

Día 9: en Irixoa con motivo das festas de San Lourenzo e a visita do arcebispo de Compostela, Monseñor Rouco Varela.

Día 15: en Vilachá, Monfero, con motivo das festas patronais (convenio-Diputación).

Día 19: no convento de San Salvador de Bergon-



Don Francisco López López, director da Agrupación Musical de Pulso e Púa "Carlos Seijo".

do (convenio-Diputación).

Día 31: no local social da Agrupación "Carlos Seijo" en honra do Dr. Ramón Vicente Alvarez, director da "Alvarez Medicinal Clinic P.C." de Georgia (U.S.A.).

#### OUTUBRO

Día 12: en Queixeiro, Monfero, con motivo das festas patronais (convenio-Diputación).

Día 13: na colexiata de Santa María do Campo da Coruña con motivo das festas do Rosario da cidade vella e conxuntamente coa Coral Polifónica de Betanzos.

#### NOVEMBRO

Día 18: conxuntamente coa Coral Polifónica de

Betanzos na Residencia da Terceira Edade da Seguridade Social en Santiago de Compostela.

#### DECEMBRO

Día 8: na eirexa da Angustia de Betanzos, promovido o concerto pola Asociación Cultural "Pasiño a Pasiño".

Día 23: na Residencia García Irmáns de Betanzos en homenaxe ós nosos vellos.

Día 24: no santuario de Nosa Señora dos Remedios de Betanzos con motivo da celebración da Misa do Galo.

Día 29: actuación dentro do "Programa de Festexos do Nadal" que organizou o Concello de Betanzos (convenio-Diputación).

### ASOCIACION CULTURAL BETANCEIRA

Durante o pasado ano 1984 a Asociación Cultural Betanceira levou a cabo as seguintes actividades:

O sábado 21 de xaneiro tivo lugar unha mesa redonda sobre a LODE (Lei Orgánica de Educación) no Salón Liceo, con participación de FETE-UGT, PCG, PSOE, AP e representantes da Asociación provincial de APAS do ensino público e de empresarios do ensino privado. Moderou don Manuel Lombao, director de RNE.

Entre os meses de xaneiro a marzo traballouse na preparación do Entero da Sardiña para dar remate ó Antroido, que tivo lugar o 7 de marzo.

En abril presentouse o libro promovido pola Federación de Asociacións Culturais Galegas, "Castelao sen manipulación", cunha charla coloquio de don Eduardo Gutiérrez, un dos autores do libro e coordinador da Federación, sobre "Castelao e a súa época".

En outubro a Asociación elixiu nova directiva e

faiuse unha restructuración das comisións de traballo para tentar abrir unha nova dinámica despois de varios meses sen actividade.

En novembro tratouse de potenciar a festa popular dos Magostos, facendo chamamentos ás peñas e persoas a celebrar o magosto nos terreos da feira o día de San Martiño. Publicábase e repartíase un folletín explicativo sobor desta festa tradicional galega.

A finais de novembro, en vísperas da folga xeral, celébrase unha mesa redonda sobre "A reconversión industrial", con participación de UGT, CCOO, CNT e USO. O representante da INTG, invitado, non asistiu.

Por último, o 16 de nadal fíxose unha representación de títeres adicada ó público infantil, a cargo do grupo "Sapoconcho" da Coruña que puxo en escena a obra "Alacrán e a máquina do tempo".

### GRUPO UNTIA SEMINARIO DE ESTUDIOS MARIÑANS

Das actividades culturais desta entidade que tiveron eco na prensa, cabe destacar a organización da exposición "Arquitectura Románica nas comarcas de As Mariñas, Faro e Eume", que xa estaba elaborada en paneis pola Escola Técnica de Arquitectura da Coru-

ña. Inaugurouse na Sala de Arte do Banco de Bilbao o 28 de abril. Asimesmo, e con material cedido polo COAG, organizou no Museo das Mariñas a exposición "Arquitectura Popular das Serras Galegas" do 11 ó 26 de agosto.

### CINE CLUB ALAMEDA

Esta entidade cultural de recente creación comen-  
zou as súas actividades o 27 de decembro de 1984 coa

proxección no Cine Alfonsetti da película "La ejecución del soldado Slovik".



#### TALLER DE MÚSICA DE ANTONIO CAL

Este "taller de música", baixo a dirección de don Antonio Cal empezou con 4 alumnos en marzo de 1983. A finais de 1984 contaba en total cuns 50 membros, desenrolando os seus ensaios no antigo Hospital de San Antonio. Ali enséñase solfeo e a execución musical de diversos instrumentos tódolos días de 5 a 9 e de luns a venres. A finalidade última é a de conseguir unha banda tradicional para Betanzos como non hai moitos anos a houbo. Dentro deste taller xa hai dos grupos: TMB COMBO e TMB JAZZ BAND. O primeiro está composto por alumnos e o segundo por profesionais. Ambo-los dous fixeron a súa presentación o 21-de decembro de 1984 no Muiño Roxo de Betanzos con gran éxito.

#### TMB COMBO

Composto polos alumnos máis aventaxados do taller.

Julio Fraga Corbelle..... Bateria  
 José Narciso Martínez Armada... Guitarra solista  
 Angel René Teijeiro Suárez..... Guitarra rítmica

Manuel Teijeiro Suárez..... Bajo  
 Pablo Beade Pérez..... Saxo tenor  
 Manuel José Sobrino Núñez..... Saxo alto

#### TMB JAZZ BAND

Orquesta de Jazz fundada dentro do seo do Taller e que agora fai a súa primeira presentación.

José Vázquez..... Saxo 1.<sup>o</sup>  
 Bernardo Martínez..... Saxo 2.<sup>o</sup>  
 Ramón Martínez..... Tenor  
 Antonio Ferreiro..... Tenor  
 Fito Ares..... Tenor  
 José Pita..... Trompeta  
 Tonecho Martínez..... Trompeta  
 Manolo Varela..... Piano  
 Miguel Angel Tudela..... Guitarra  
 Paco Ruiz..... Bateria  
 Alfonso Morán..... Bajo  
 Antonio Cal..... Solista e Director

#### CHARANGA OS LOITEIROS

Esta agrupación musical ten entidade propia, aínda que está moi ligada tecnicamente ó Taller de Música de Antonio Cal, quen tamén é compoñente. Conta

con 21 membros e xa fixo a ledicia dos betanceiros en diversas ocasións co seu carácter popular e festexeiro. Estas foron as súas actuacións:



#### MARZO

Día 7: Con motivo do Enterro da Sardiña en Betanzos.

#### XUNIO

Nas fogueiras de San Xoan e San Pedro de Betanzos.

#### XULIO

Na romería de Santa Marta de Babio.

#### SETEMBRO

Día 9: Na Festa dos Remedios

Día 16: Festas Patronais de Brives

Festa en Cabañas Ciclo-Turista organizada polo Club Ciclista Betanzos.

#### OUTUBRO

Día 6: Festa dos Alborotados ou do Viño Mosto en Betanzos.

#### DECEMBRO

Día 21: Presentación no Muíño Roxo do Taller de Música de Antonio Cal.



#### GRUPO DE TEATRO "BERROS"

O grupo teatral Berros actuou no adro de Santo Domingo o 21 de agosto presentando a obra "Unidos para la Paz" con temas musicais de Jesucristo Superstar, Juana de Arco, Evita e Hair.